

DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO

DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 06.05.2024, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“RESOLUCIÓN RECURSO REPOSICIÓN COLEGIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA

Analizado o recurso de reposición presentado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con nº de rexistro de entrada 20248889 de data 08/04/2024 e a xurisprudencia alegada ó obxecto de garantir a igualdade de oportunidades de acceso á función pública, procede estimar parcialmente o recurso no seguinte sentido:

“Base 11.8. FASE DE CONCURSO (...)

1.- *Experiencia profesional*

Ata un máximo de 30 puntos, conforme ás seguintes regras:

1.1.- *Por servizos prestados na categoría obxecto da convocatoria no Concello de Monforte de Lemos e/ou nos seus organismos autónomos 2,5 puntos por mes ata un máximo de 30 puntos.*

1.2.- *Por servizos prestados noutras categorías distintas do obxecto da convocatoria no Concello de Monforte de Lemos e/ou nos seus organismos autónomos: 1,5 puntos por mes ata un máximo de 20 puntos*

1.3 *Polos servizos prestados na categoría obxecto da convocatoria noutras Administracións Públicas: 1 punto por mes, ata un máximo de 10 puntos.”*

Quedando redactada como se detalla a continuación:

“11.8. FASE DE CONCURSO (...)

1.- *Experiencia profesional*

Ata un máximo de 30 puntos, conforme ás seguintes regras:

1.1.- *Por servizos prestados na categoría obxecto da convocatoria no ámbito da administración municipal, 2,5 puntos por mes ata un máximo de 30 puntos.*

1.2 *Polos servizos prestados na categoría obxecto da convocatoria noutras Administracións Públicas: 1 punto por mes, ata un máximo de 10 puntos.”*

No obstante en relación coa pretensión de que a experiencia adquirida no ámbito da administración local puntúe de igual forma que a experiencia noutras administracións públicas non pode ter acollida , xa que a propia sentenza do Tribunal Supremo (STC 3197/2011, recurso de casación 3013/2008) que alega o recorrente, existe unha diferenza no “cometido funcional.” É obvio que a especialidade do ámbito da



administración local versa na tramitación dos Plans Xerais, Plans Especiais, Estudos de detalle e outros expedientes urbanísticos, así como, a tramitación de procedementos en materia de licencias, función fundamental dos/as arquitecto/a/s municipais, o que fai evidente un contido funcional distinto ó de outros profesionais coa mesma titulación noutras administracións públicas o que xustifica a diferenza de puntuación na fase de concurso.”

E para que así conste e coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Na data da sinatura dixital.

Vº e Pce.
O ALCALDE



FIRMANTE - FECHA





FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 15/05/2024
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 20/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/05/2024 12:53:23

